

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2015-2016

PROVISIONAL

FINAL DATA: 11 de setembro de 2017

DATOS DO TÍTULO	
Denominación do Título	<b>Grao en Enxeñaría da Enerxía</b>
Centro/s onde se imparte o título	<b>E. S. de Enxeñaría de Minas e Enerxía</b>
Resultado do proceso de seguimento	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

## **Xustificación Xeral do Resultado:**

### Cumprimento do proxecto establecido:

En liñas xerais, o título impártese atendendo adecuadamente á memoria do mesmo, con lixeiras desviacións en algúns aspectos relacionado cos métodos de avaliación das materias.


O aspecto feble máis destacado refírese á falta de reflexión sobre os distintas medidas obtidas sobre os resultados do título, de tal xeito que a información dispoñible non se usa de maneira satisfactoria para a mellora do mesmo.

### Plan de melloras do título:

O plan de melloras establece medidas de interese para a mellora do título, pero non incorpora nin os responsables das mesmas, nin unha data límite fixa.

Adicionalmente, hai que ter en conta que non se establecen accións de mellora para algunha das debilidades detectadas no título, así como tampouco se incorpora algunha das medidas propostas en avaliacións previas.

Vigo, a 11 de setembro de 2017



Xosé María Gómez Clemente  
Director da Área de Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

<input type="checkbox"/> <b>Conforme excelente</b>	<input checked="" type="checkbox"/> <b>Conforme</b>	<input type="checkbox"/> <b>Non Conforme</b>
<input type="checkbox"/> <b>A</b>	<input type="checkbox"/> <b>B</b>	<input type="checkbox"/> <b>D</b>
	<input checked="" type="checkbox"/> <b>C</b>	

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	B
Sistema de Garantía de Calidade	A
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	B
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

### Plan de Melloras

Desenvolvemento	B
Seguimento	B
Coherencia	B

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
1.- Guías docentes das materias. <i>Fonte: <a href="#">Docnet</a> e Memoria da titulación</i>	<p>Comprobar que as guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente teñen os campos de competencias, contidos e metodoloxía docente correctamente cumprimentados nas dúas linguas e valorar se información é coherente coa memoria da titulación. (indicar neste campo las materias elixidas)</p> <p>Se houberse algún apartado sen información ou información incoherente, pódese comprobar ata 6 materias e verificar se é un erro sistemático ou puntual</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Incumprimentos puntuais (non en todas as materias nin en todos os campos).</p> <p>Descrición da avaliación: Consultouse á memoria do título e as guías docentes da Web. Revisáronse as seguintes materias, cos resultados que se describen:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Empresa: Dirección e Xestión. A memoria verificada parece incluír un maior número de metodoloxías docentes que as incorporadas na guía docente (Debate, Presentación de traballos). Os sistemas de avaliación tampouco parecen axustarse ao determinado na memoria que incluía avaliación por exame final.</li> <li>2. Informática: Estatística. Os métodos docentes así como os métodos de avaliación e as súas ponderacións non se corresponden coas incluídas na memoria.</li> <li>3. Enxeñaría nuclear. A materia non inclúe na súa guía docente as competencias xerais fixadas na memoria. Os métodos de avaliación e as súas ponderacións tampouco se axustan aos propostos na memoria.</li> <li>4. Física: Sistemas térmicos. Como nos casos anteriores, non se axustan os sistemas de avaliación e a súa ponderación. Na guía docente non se inclúen as competencias básicas e xerais.</li> </ol>

	<p>5. Obras, replanteos y procesos de construcción. A materia parece axustarse completamente á memoria.</p> <p>6. Motores e turbomáquinas térmicas. Aínda que a guía parece axustarse á memoria, indicase na mesma unha ponderación máxima-mínima dos métodos de avaliación, o que non parece correcto, xa que non se indica cal é a ponderación que se aplicará en cada caso.</p>
<p>2.- Informe de Coordinación Fonte: <a href="#">SGIC</a></p>	<p>Analizar no rexistro do SGIC “<b>R1 DO 0201 P1 Informe de Coordinación</b>” (Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0201 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza) os mecanismos de coordinación docente.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai mecanismos incompletos de coordinación <u>Fortaleza:</u> Mecanismos de coordinación desenvolvidos e informe elaborado.</p> <p>Descrición da avaliación: Están dispoñibles na plataforma os informes de coordinación de varios cursos académicos. Observase un detallado seguimento e coordinación horizontal nos distintos cursos. Sen embargo, os mecanismos de coordinación vertical teñen a debilidade de que non identifican os solapes entre materias, polo que se establece como unha acción de mellora realizar dito seguimento como conclusión del último curso académico. É mester resaltar a necesidade de realizar dita labor, incluso podería valorarse a posibilidade de nomear coordinadores específicos por grandes bloques temáticos que puidesen realizar esta labor entre materias do bloque con independencia do curso ao que pertencen.</p>

### 1.1.1 Valoración do Criterio:

## 1 Organización e Desenvolvemento B

### 1.1.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Guías docentes	As guías docentes deberíanse axustar estritamente á memoria e non deberían dar lugar a confusión en canto ao peso que ten cada un dos compoñentes na nota final acadada polo alumnado.	Non
Fortaleza	Informe de coordinación	Os mecanismos de coordinación horizontal son exhaustivos e parecen obter resultados relevantes	Non
Recomendacións para a mellora	Informe de coordinación	Débese mellorar a coordinación vertical, pódense establecer coordinadores de bloques temáticos.	Non

### 1.1.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

Evidencias	Descrición
3.-Páxina web da Universidade, centro ou título	<p>Valorar se a información pública destes apartados do título é útil, intuitiva e actualizada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• TFG/TFM (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.)</li> <li>• Horarios, aulas e calendarios de exames.</li> <li>• Manual, procedementos, política e obxectivos de calidade</li> <li>• Profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias nas que imparte docencia, breve CV, etc.)</li> <li>• Informe de revisión pola dirección</li> </ul>
	<p><b>Suxestión de valoración</b>  <u>Recomendacións para a mellora:</u> Información incompleta e non moi accesible dalgunha cuestión.</p>
	<p>Descrición da avaliación:                      Revisouse a páxina Web do centro buscando a información indicadas, as conclusións de dita revisión son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dispónse de toda a información referente aos TFG na páxina <a href="http://minasyenergia.uvigo.es/planificacion-academica/tfg/">http://minasyenergia.uvigo.es/planificacion-academica/tfg/</a>. O acceso a dita información non é sinxelo, xa que non se describen textualmente os documentos enlazados e, en algúns casos o nome do arquivo que se fai dispoñible non é excesivamente significativo. Por exemplo o documento de título: "2016-TFG-Modificaciones_JdE_final_etsem.pdf" é o regulamento de TFM. Por outra parte, non se atopou información do nomeamento das comisións de avaliación.</li> <li>• Os horarios e exames atopáronse facilmente e dispoñen de toda a información necesaria, incluídas as aulas.</li> <li>• Está dispoñible e é accesible toda a información correspondente á documentación de Calidade do Centro.</li> <li>• A información do profesorado é suficiente adecuada, dispónse dun breve CV por profesor, aínda que en algúns casos este é excesivamente breve (por exemplo: SECUNDINA GARCÍA CONDE, JOSÉ BIENVENIDO DIEZ FERRER). Proporcionase a lista de todo o profesorado do centro indicando en que grado imparten docencia, podería ser máis aclaratorio que o profesorado estivese dividido por titulacións. O uso de abreviaturas nos títulos e nos nomes da materias dificulta o seguimento da información para persoas alleas ao título.</li> <li>• O informe de revisión pola dirección está accesible e público.</li> </ul>

### 1.2.1 Valoración do Criterio:

## 2 Información e Transparencia B

### 1.2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Información Pública	En liñas xerais toda a información necesaria está publica e é facilmente accesible. Unicamente se suxire como posible mellora intentar non abusar das siglas, que comprometen a comprensión de persoas alleas ao título, e completar a información de profesorado.	Non

### 1.2.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación:

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
<p>4.- Actas do último curso da Comisión de Calidade: <i>Fonte: Evidencia 5 do Auto informe de Avalia</i></p>	<p>Comprobar nas actas que hai asuntos tratados na Comisión de calidade que xorden da implantación dos procedementos (por exemplo coordinación, orientación, practicas, promoción...)</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Evidenciase que os asuntos tratados na comisión non tratan de forma integral o desenvolvemento do sistema de calidade.</p> <p>Descrición da avaliación: Revisáronse as actas da comisión de Calidade aportadas polo centro. A comisión de calidade reúnese con certa periodicidade e aborda as cuestións relacionadas coa docencia e os procedementos de calidade. Os temas tratados parecen adecuados, sen embargo, non se observa que se faga unha análise en profundidade dos indicadores/taxas, así como das queixas do alumnado para propor accións de mellora en función de ditos valores. Por exemplo, detéctanse nos informes de coordinación grandes diferencias entre os resultados por titulación, sen embargo, non se atopou unha análise do porqué destas diferenzas, ou como poden ser subsanadas.</p>
<p>5.- Documentación do SGIC <i>Fonte: <a href="#">SGIC</a></i></p>	<p>Comprobar estes 2 rexistros de procedementos na aplicación para comprobar a implantación do SGC.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>R1 DO 0203 P1 Plan de acción titorial (anual)</b> <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0203 P1 Planificación y desarrollo de la enseñanza</i></li> <li>• <b>R1 DO 0202 P1 Plan de Promoción do centro (anual)</b> <i>Sistema de garantía de Calidade (curso 2013-2014 en adelante/Registros del SGIC/Procedimientos clave/DO0202 P1 Promoción de las titulaciones</i></li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Faltan todos os procedementos actualizados ou non son correctos. <u>Fortaleza:</u> Están todos os procedementos actualizados e correctamente desenvolvidos</p> <p>Descrición da avaliación: Nas evidencias aportadas no SIGC atopouse o PAT do centro, na Web pública está dispoñible ademais o informe anual do PAT. Este é moi completo e desenvólvese adecuadamente, o que se considera un punto forte do título. Non se atopou no SIGC o plan de promoción do centro. O enlace que se aporta no autoinforme baixo o título R1 DO0202 Informe Anual Plan de Promoción Centro 14-15 (CGC 14-07-15)_(JE 14-07-15).pdf, dá un erro de non atopado. Si se atoparon informes de anos anteriores. A información atopouse no informe de revisión pola dirección, e considérase adecuada.</p>

**1.3.1 Valoración do Criterio:**

**3 Sistema de Garantía de Calidade**

**A**

### 1.3.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Comisión de Calidade	Recoméndase facer unha análise da evolución dos indicadores do título para propor accións de mellora en función dos seus valores.	Non
Non Conformidade	Informe do plan de promoción do centro	Non está accesible desde o autoinforme o Plan correspondente á última anualidade. A información atopouse no informe de revisión pola dirección, e considérase adecuada.	Si
Fortaleza	PAT	O PAT é moi detallado e completo e desenvólvese de xeito moi adecuado.	Non

### 1.3.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Evidencia 5:</b> O informe "R1 DO0202 Informe Anual Plan de Promoción Centro 14-15" consta como rexistrado na aplicación informática do SGIC. Ignoramos a razón pola cal a ligazón deu erro pero, en todo caso, entendemos que é un problema alleo a comisión de garantía interna de calidade da Escola e que non debería dar lugar a unha non conformidade. De calquera forma, a ligazón foi actualizada na aplicación informática do SGIC.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Admítese a alegación e modifícase a cualificación de B a A, pola inexistencia de carencias detectadas e/ou de recomendacións para a mellora.</p>

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
6.- Plan de Ordenación Docente <i>Fonte: Evidencia 15 do Auto informe de Avalía</i>	<p>Analizar na evidencia N°15 do auto informe o número e a categoría do profesorado, e se o número de profesores por materia e razoable.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Distribucións de profesorado por materias ou a categoría do profesorado mellorable.</p> <p>Descrición da avaliación: Analizouse a evidencia presentada neste apartado que é o POD da titulación. Dado o gran número de materias e profesores este documento é de difícil seguimento e dificulta a análise plantexada neste apartado. En calquera caso, parece haber un total de 64 profesores no título dos cales: 11 son asociados a tempo parcial con distintas dedicacións, 4 son Axudantes, 6 son Becarios FPI ou FPU, 8 son Catedráticos de Universidade, 10 Contratados Doutores, 2 Titulares de Escola Universitaria, 25 Titulares de Universidade. A cualificación e número do profesorado considérase suficiente e adecuado. O 17% do profesorado do título son Asociados a tempo parcial o que se considera positivo para un título de enxeñería como o que se avalía. Sen embargo, este tipo de situacións pode xerar problemas de coordinación, debido a característica externa deste profesorado, polo que se recomenda un especial seguimento. Por outra parte, hai algunhas materias, aínda que o seu número non é elevado, que teñen 4 ou 5 profesores, este aspecto tamén dificulta a coordinación, polo que se recomenda o seu seguimento.</p>
7.- Resultados da EAD <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados as enquisas de avaliación da docencia e no informe de revisión pola dirección</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión do sistema pola dirección inclúense da páxina 48 á 58 as enquisas de avaliación docente das diversas titulacións do centro. Non se atopou ningún tipo de análise das devanditas enquisas, polo que este apartado se considera non conforme.</p>

**1.4.1 Valoración do Criterio:**

**4 Recursos Humanos B**

**1.4.2 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	POD	Recoméndase facer un seguimento especial para a coordinación do profesorado asociado do título e das materias cun elevado número de profesores.	Non
Non Conformidade	EAD	Non se atopa reflexión sobre os resultados das enquisas de avaliación docente do profesorado.	Si



### 1.4.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Evidencia 7:</b></p> <p>1. Amósase na páxina 58 do informe de revisión pola dirección un gráfico-resumo das puntuacións acadadas polas titulación da EME na EAD. En todos os casos, en é particular no Grao en Enxeñaría da Enerxía, as puntuacións experimentaron un importante incremento. Este feito contrasta có decrecemento experimentado na puntuación media da Universidade. Consideramos este un bo resultado, reflexión que xorde da comparación directa das medias amosadas nos gráficos. Enténdese que cando os resultados acadados son bos, tal como se reflicte no informe, a reflexión pode non ser necesaria xa que acadáronse os obxectivos establecidos.</p> <p>2. No informe de revisión pola dirección (IRD) correspondente o curso 2014-15 establecíase como acción de mellora “mellorar os resultados nas enquisas de satisfacción”. Esta acción considérase no IRD do curso 2015-16 parcialmente acadada. Con isto sinalase a intención de continuar mellorando para o próximo curso.</p> <p>Atendendo aos dous puntos sinalados anteriormente, entendemos que non sería posible deseñar unha acción de mellora sen ter feito unha valoración e reflexión tanto dos datos como do gráfico. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluírá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflexado no IRPD.</p> <p>Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento da acción de mellora plantexada, admítese a alegación e considérase que a puntuación pasa de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados das EAD e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.</p>

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
8.- Enquisas de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas  <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	<p>Valorar a análise dos resultados asociados aos recursos materiais e infraestruturas no <u>informe de revisión pola dirección</u></p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: Inclúense no informe de revisión do sistema pola dirección os resultados das enquisas de satisfacción que inclúen este e outros indicadores. Sen embargo non se atopou ningún tipo de reflexión sobre os resultados acadados en canto á valoración dos recursos materiais ou se se require de algunha acción de mellora nese aspecto.</p>

**1.5.1 Valoración do Criterio:**

**5 Recursos Materiais e Servizos** **B**

**1.5.2 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Informe de revisión pola dirección (enquisas satisfacción)	Non se atopa a análise dos resultados das enquisas neste apartado.	Si

**1.5.3 Alegacións presentadas:**

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Indicador 8:</b> 1. No informe de revisión pola dirección, na páxina 62, amósase unha táboa-resumo coas medias acadadas. Obsérvase como a media incrementouse desde unha puntuación de 3.35 no curso 2014-15 ata 3.47 no curso 2015-16. Este resultado considérase bo, reflexión que xorde da comparación directa das medias amosadas nas táboas. Esta é a razón pola que se obviou todo tipo de comentario a maiores. 2. Inclúese como parte dos comentarios neste apartado o feito de que o ítem “As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia” da enquisa de satisfacción cos recursos materiais e infraestruturas é un dos mellor valorados xa que acadou unha puntuación media de 4 sobre 5. Atendendo aos dous puntos sinalados anteriormente, entendemos que a reflexión está implícita tanto na táboa como no comentario incluídos. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluírá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflexado no IRPD. Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento, se fora o caso, das accións de mellora plantexadas, admítase a alegación e considérase que a puntuación pasa de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación, e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.</p>

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
9.- Listaxe de Traballos Fin de Grado/Mestrado  <i>Fonte: Evidencia 24 do Auto informe de Avalía</i>	Comprobar que a distribución das cualificacións é razoable  <b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai evidencia.
	Descrición da avaliación: Non se atopou na carpeta aportada a evidencia dos TFG defendidos. Na páxina 89 e seguintes do informe de revisión pola dirección, hai unha lista de TFG sen cualificacións, polo que non se pode valorar este apartado.
10.- Indicadores por materia <i>Fonte: Informe de revisión pola dirección</i>	Valorar a análise dos indicadores por materia e resultados académicos por materia no <u>informe de revisión pola dirección</u>  <b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> non haber reflexión ou haber resultados moi deficientes.
	Descrición da avaliación: Inclúense no informe de revisión do sistema pola dirección os resultados de indicadores para todas as materias. Sen embargo, non se atopou ningún tipo de reflexión sobre os resultados acadados ou se se require de algunha acción de mellora nese aspecto.

### 1.6.1 Valoración do Criterio:

## 6 Resultados de Aprendizaxe C

### 1.6.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	Indicadores por materia (informe de revisión dirección)	Non se atopou ningún tipo de reflexión sobre os resultados dos indicadores de materias.	Si
Non Conformidade	Evidencia 24	Non se atopou a evidencia dos TFG defendidos, no informe de revisión pola dirección hai unha lista de TFG sen cualificacións, polo que non se pode valorar este apartado.	Si

## 1.6.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Evidencia 10:</b></p> <p>1. Os indicadores académicos por materia amósanse nas táboas incluídas nas páxinas 31-32 do informe de revisión pola dirección (IRD). As cualificacións por materia amósanse nas páxinas 37-38 do IRD.</p> <p>2. No IRD corresponde ao curso 2014-15 incluíronse dúas propostas de mellora que no IRD do curso 2015-16 considéranse parcialmente acadados. Estas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias. Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias.</li> <li>• Mellorar os resultados das taxas de rendemento. Facer un seguimento das materias con taxas máis baixas.</li> </ul> <p>Por outra banda, no IRD do curso 2015-16 inclúese como nova acción de mellora “Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias Detectouse unha correlación entre a dificultade e dedicación considerada polos alumnos e as taxas de rendemento e cualificacións nas materias Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias”</p> <p>Atendendo aos dous puntos sinalados anteriormente, entendemos que a partir das táboas levouse a cabo unha reflexión profunda dos resultados que motivou a inclusión das tres propostas de mellora sinaladas no punto dous. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluírá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflexado no IRPD.</p> <p>Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento, se fora o caso, das accións de mellora plantexadas, admítase a alegación e considérase que a puntuación deste primeiro aspecto pasaría de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados de aprendizaxe da titulación, e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.</p>
<p><b>Evidencia 9:</b></p> <p>A non inclusión da evidencia 24 débese a un descoido durante a cumprimentación do autoinforme de Avalía. Achégase agora co rogo de que sexa tida en conta dentro do período de alegacións.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Asimesmo, admítase a alegación, ao achegar nesta etapa de alegacións a evidencia 24, lista dos TFG coas cualificacións. A puntuación pasa neste aspecto de D a C, considerando que existe unha distribución razoable das notas, se ben segue sen achegarse a análise da distribución de cualificacións, detección de debilidades, e proposta de recomendación para a mellora, se fora o caso.</p> <p>A cualificación global do criterio queda en C.</p>

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
<p>11.- Enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados das diferentes enquisas de satisfacción no informe de revisión.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión e/ou valores moi insatisfactorios.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión da dirección figura os resultados en canto a satisfacción dos anos 2014/15 e 2015/16 (pax. 62 e seguintes), pero non se fai unha análise e reflexión dos resultados obtidos. Identifícanse unicamente items mellor e peor valorados, pero sen analizar cales son as razóns ou propoñer solucións para os valores baixos.</p>
<p>12.- Resultados asociados á política e obxectivos de calidade <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados dos indicadores asociados a política e obxectivos de calidade que integran o SGIC no <u>informe de revisión pola dirección</u>.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non hai reflexión.</p> <p>Descrición da avaliación: No informe de revisión da dirección figuran os resultados de satisfacción dos anos 2014/15 e 2015/16 (páx. 62), pero non se fai unha análise e reflexión dos resultados obtidos. Identifícanse unicamente ítems mellor e peor valorados, pero sen analizar cales son as razóns ou propor solucións para os valores baixos. En concreto, non se fai ningunha referencia á satisfacción coa xestión da calidade, ao manterse en valores medios.</p>
<p>13.- Resultados académicos globais <i>Fonte Informe de Revisión pola dirección</i></p>	<p>Valorar os resultados globais da titulación no informe de revisión pola dirección</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Non conformidade:</u> Non haber reflexión e/ou valores moi insuficientes.</p> <p>Descrición da avaliación: Incorpóranse no informe de revisión pola dirección os resultados da titulación en canto a taxas e demais indicadores. Sen embargo, non se atopou ningún tipo de reflexión sobre os mesmos.</p>

**1.7.1 Valoración do Criterio:**

**7 Indicadores de Satisfacción e Rendemento B**

## 1.7.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Non Conformidade	11	Non hai reflexión.	Si
Non Conformidade	12	Non hai reflexión	Si
Non Conformidade	13	Non hai reflexión	Si

## 1.7.3 Alegacións presentadas:

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
<p><b>Evidencia 11:</b>                      1. Na páxina 62 do IRD amósase unha táboa-resumo dos resultados acadados nas enquisas de satisfacción realizadas ao alumnado. Nela amósase un lixeiro incremento xeral nas puntuacións medias. Na mesma páxina complétase a análise coa inclusión dos ítems mellor e peor valorados.                      2. Na páxina 67 do IRD amósase unha táboa-resumo dos resultados acadados nas enquisas de satisfacción realizadas aos egresados. Na mesma páxina e na seguinte complétase a análise coa inclusión dos ítems mellor e peor valorados.                      3. Na páxina 69 do IRD amósase unha táboa-resumo dos resultados acadados nas enquisas de satisfacción realizadas ao PAS. Na mesma páxina complétase a análise coa inclusión dos ítems mellor e peor valorados.                      A reflexión sobre os ítems peor valorados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A información e orientación académica para a continuación dos estudos</li> <li>• A orientación profesional e laboral</li> <li>• A información e orientación recibida sobre os distintos itinerarios curriculares ou especialidades da titulación</li> </ul> <p>Levou ao desenvolvemento de diversas sesións informativas planificadas e diversas sesións formativas ao longo do curso. Isto sinalábase na páxina 75 do IRD, no apartado relativo ao Informe anual de PAT. Algunhas destas sesións informativas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesión informativa de orientación de intensificacións e prácticas empresa.</li> <li>• Sesión Informativa sobre o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.</li> <li>• Charla informativa sobre a elaboración e presentación do TFG.</li> </ul> <p>Atendendo aos puntos sinalados anteriormente, entendemos que fíxose unha reflexión profunda dos resultados que motivou o desenvolvemento das diversas sesións sinaladas anteriormente. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluirá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflexado no IRPD. Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento das accións de mellora plantexadas, admítase a alegación e considérase que a puntuación pasa de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados das enquisas de satisfacción ás partes interesadas (alumnado, profesorado, egresados, empregadores, ...), e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.</p>
<p><b>Evidencia 12:</b>                      Os resultados asociados á política e obxectivos de calidade motivaron, como pode consultarse no IRD relativo ao curso 2014-15 á seguinte proposta de mellora: "Mellorar os resultados das enquisas de satisfacción Os resultados das enquisas de satisfacción sobre calidade do alumnado son baixos"                      Esta acción de mellora inclúese no IRD do curso 2015-16 na sección de seguimento das propostas de mellora sinalándose como realizada parcialmente (páxina 97 do IRD). Por esta razón, inclúese como nova acción de mellora a desenvolver (páxina 105 do IRD)                      Entendemos que esta inclusión e mantemento de propostas de mellora nos IRD de maneira reiterada só pode xurdir tras unha valoración e reflexión profunda dos resultados acadados. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluirá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.</p>	<p>Modifícase a valoración <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación:</p> <p>Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflectida no IRPD. Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento das accións de mellora plantexadas, admítase a alegación e considérase que a puntuación pasa de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados asociados á política e obxectivos de calidade, e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.</p>



**Evidencia 13:**

Este é un aspecto no que a Escola está particularmente implicado e sensibilizado polo que, de maneira reiterada, ven motivando diversos plans e estratexias de mellora.

Inclúense no IRD táboas profusamente detalladas e gráficos-resumo dos resultados académicos globais (ver sección 4. Resultados de indicadores). Como resultado da valoración e reflexión desta información xorden as propostas de mellora que a continuación se enumeran:

- IRD curso 2014-15: Potenciar as accións e difusión do título A demanda do título mostra un lixeiro descenso desde a súa implantación.
- IRD curso 2014-15: Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese Os mecanismos para que a información máis relevante do título chegue en tempo e forma a algúns grupos potenciais de interese é insuficiente.
- IRD curso 2014-15: Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias Detectouse unha correlación entre a dificultade e dedicación considerada polos alumnos e as taxas de rendemento e cualificacións nas materias.
- IRD curso 2014-15: Mellorar os resultados das taxas de rendemento Detectouse un descenso nas taxas de rendemento
- IRD curso 2014-15: Mellorar os resultados de acceso e admisión Detectouse un lixeiro descenso nas taxas de acceso e admisión.
- IRD curso 215-16: Potenciar as accións e difusión do título A demanda do título mostra un lixeiro descenso desde a súa implantación. Acadada parcialmente. Incluída nas acción de mellora para a súa continuidade.
- IRD curso 215-16: Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese Os mecanismos para que a información máis relevante do título chegue en tempo e forma a algúns grupos potenciais de interese é insuficiente. Acadada parcialmente. Incluída nas acción de mellora para a súa continuidade.
- IRD curso 215-16: Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias Detectouse unha correlación entre a dificultade e dedicación considerada polos alumnos e as taxas de rendemento e cualificacións nas materias. Acadada parcialmente. Incluída nas acción de mellora para a súa continuidade.
- IRD curso 215-16: Mellorar os resultados das taxas de rendemento Detectouse un descenso nas taxas de rendemento. Acadada parcialmente.
- IRD curso 215-16: Mellorar os resultados de acceso e admisión Detectouse un lixeiro descenso nas taxas de acceso e admisión. Acadada parcialmente. Incluída nas acción de mellora para a súa continuidade.
- IRD curso 215-16: Perseverar en solicitar aos departamentos que a coordinación das materias asumanas profesores con vinculación permanente co título Detectáronse pequenos problemas nas materias derivados dos cambios de profesorado ano a ano.
- IRD curso 215-16: Difusión e promoción das titulacións nas redes sociais. Informar das titulacións ofertadas pola ETSIM a través das redes sociais
- IRD curso 215-16: Modificar as interface da páxina Web da ETSIM Interface pouco amigable e de difícil navegabilidade
- IRD curso 215-16: Cambio de denominación da ETS de Enxeñería de Minas O alumnado e a sociedade poden ter unha impresión nesgada do tipo de formación académica ao que se pode acceder no Centro. Cambiar o nome da Escola a outro que sintetice de forma máis clara a formación académica ofrecida pola Escola.
- IRD curso 215-16: Mellorar a captación de alumnado nos graos, así como mellorar a súa competitividade para a súa saída ao mercado laboral. Implementar un Plan de Internacionalización mediante o cal se ofrezca docencia en inglés.

Polo todo o exposto anteriormente, entendemos que esta inclusión e mantemento de propostas de mellora nos IRD de maneira reiterada só pode xurdir tras unha valoración e reflexión profunda dos resultados acadados. De todos os xeitos, a comisión de calidade da escola incluírá, en redaccións futuras do IRD, unha redacción exhaustiva da reflexión e valoración dos seus resultados.

Modifícase a valoración  Si  Non

Xustificación:

Unha reflexión similar á incluída agora na alegación é o que se pretende que quede reflexado no IRPD.

Con todo, e atendendo á reflexión axeitada realizada, e á xustificación da análise dos resultados obtidos, respecto aos do curso anterior, co seguimento das accións de mellora plantexadas, admítese a alegación e considérase que a puntuación pasa de D a B, coa recomendación de mellora de verificar que efectivamente a comisión de calidade da escola realiza a análise e valoración dos resultados académicos globais, e deixa constancia escrita en redaccións futuras do IRPD.

Ao pasar cada aspecto parcial de cualificación D a B, a cualificación global do criterio pasa de D a B

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse as accións desenvolvidas, o seguimento das accións dos cursos anteriores e a coherencia entre estas accións e os resultados do título, así como as accións levadas a cabo para dar resposta ás recomendación para a mellora establecidas nos distintos informes de avaliación externa.

Cuestións	Descrición
1.- Desenvolvemento Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<p>Ver no epígrafe “1. Valoración do cumprimento” o número e a importancia dos puntos febles atopados. Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Hai algúns puntos febles atopados que non teñen accións de mellora asociada ).</p> <p>Descrición da avaliación: Establécese un plan de melloras de cara ao curso próximo que é amplo e adecuado. Sen embargo, non queda claro que as accións de mellora proveñan da análise de resultados do título, por exemplo, un dos ítems peor valorados do título é “A orientación profesional e laboral” e non se establece ningunha acción de mellora relacionada. Tamén se suxire como mellora a identificación de responsables das diversas accións e o establecemento de datas límite de cumprimento.</p>
2.- Seguimento As accións de mellora que xurdiron o curso pasado desenvolvéronse de forma axeitada	<p>Valorar o grado de cumprimento e os resultados acadados das accións de mellora do curso pasado. Valorarase de xeito especial aquelas que xurdiran de procesos de avaliación externa.</p> <p><b>Suxestión de valoración</b> <u>Recomendacións para a mellora:</u> Non se evidencia un seguimento dalgunhas accións de mellora que non son de procesos de seguimento externo.</p> <p>Descrición da avaliación: Aínda que se completaron moitas das accións de mellora propostas previamente, hai moitas das accións do título que se atopan en situación de realizadas parcialmente e incluso non comezada. Ademais unha das accións que está nesta situación é a referente á coordinación vertical, que provén do informe de renovación da acreditación do título, polo que é de especial importancia.</p>



<p>3.- Coherencia As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?</p>	<p>Analizar se os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora.</p> <p>Analizar se as actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora</p> <p>Analizar se os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora</p> <p>Indicar exemplos máis salientables no caso que os houberse</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Exemplo 1...</li> <li>• Exemplo 2...</li> </ul> <p><b>Suxestión de valoración</b></p> <p><u>Recomendacións para a mellora</u>: As accións de mellora de xeito puntual non son capaces de solucionar o problema.</p> <hr/> <p>Descrición da avaliación:</p> <p>Algunha das accións a realiza son pouco concretas e non se establecen prazos concretos. Exemplo: “informar al alumnado sobre los temas de calidad”, no se indica quen o fará, en que prazo e cales son os resultados esperables.</p> <p>Tamén se considera pouco axeitada a acción para lograr aumentar a participación do profesorado en accións de mobilidade, xa que, a información de ditas convocatorias xa se realiza por parte da Universidade, polo que o descoñecemento non parece que poida ser a causa de dita falta de mobilidade.</p>
--	---

## 2.1 Valoración do Criterio:

<b>Desenvolvemento</b>	<b>B</b>
<b>Seguimento</b>	<b>B</b>
<b>Coherencia</b>	<b>B</b>

## 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación	Alégase?
Recomendacións para a mellora	Plan de melloras	Analizar todos os indicadores de cara a propoñer accións de mellora adecuadas.	Non
Non Conformidade	Plan de melloras	É necesario establecer responsables e datas limite para o plan de melloras.	Non

## 2.3 Alegacións do Plan de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador.

Descrición das alegacións	Consideración do equipo avaliador
	Modifícase a valoración <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: